

Dossier relatores/as
Xornada de Bibliotecas Escolares de Galicia
12/11/2022



XESÚS FRAGA (Londres, 1971)

Licenciado en Xornalismo pola Universidade de Salamanca,
Xornalista de La Voz de Galicia dende 1996.

A súa novela *Virtudes (e misterios)* recibiu os seguintes
premios: Premio Nacional de Narrativa (2021), Premio
Blanco Amor (2019), Premio da Crítica.

A novela xuvenil *REO* foi galardoada co Premio Raíña Lupa
en 2013.

É tradutor de autores como Nabokov, Kerouac, Barnes,
Orwell, Plath, Dahl, Macfarlane ou Nesbitt, entre outros, ao
galego e o castelán.

LUIS POUSA (Lugo, 1971)

Licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago,
ampliou estudos na University College Dublin e na
Universidade de Barcelona. Doutorouse en Matemáticas pola
USC coa tese *O paraíso de Cantor. Unha aproximación
matemática e filosófica ao infinito* (2019). É profesor de
Estatística e de Fundamentos Matemáticos no Centro de
Estudios Superiores Universitarios de Galicia (Cesuga).
Desde 1996, dedícase profesionalmente ao xornalismo,
primeiro nas páxinas de “El Ideal Gallego” e, a partir do 2000,
en “La Voz de Galicia”. Como xefe de sección do diario galego
foi responsable das áreas de Cultura e Opinión. Premio
Afundación de Xornalismo Fernández del Riego 2015, no 2020 gañou

Premio de Xornalismo Julio Camba. Debutou na literatura con *O embigo do mar* (Espiral Maior,
2008; Reino de Cordelia, 2015) e é autor de *La noche de las palabras* (Ediciones Arenas, 2009),
Breviario del bus (Rey Lear, 2013), *Atlantic City* (Biblioteca Gallega, 2015), *Poemas para Flash Gordon*
(Reino de Cordelia, 2017) e *El cielo invisible* (Reino de Cordelia, 2020).



XOSÉ COIRA

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de
Santiago de Compostela e diplomado en Historia e Estética
da Cinematografía pola Universidade de Valladolid.

Creador de series como *Hierro* e *Rapa*. Desde o ano 2000
traballo como produtor executivo, guionista e director de
proxectos tanto de ficción coma documentais,
compaxinándoo coa docencia e a investigación. Antes foi o
responsable da posta en marcha e primeiro director do
Centro Galego de Artes da Imaxe.

ESTELA D'ANGELO

Doutora en Ciencias da Educación pola Universidade Complutense de Madrid (UCM), desenvolvendo docencia e investigación na mesma Universidade como Profesora Titular. Exerceu docencia en distintas etapas educativas do sistema educativo arxentino. A súa liña de investigación focalízase no ensino da linguaxe escrita desde unha perspectiva inclusiva. Fundou o Grupo de Investigación UCM "Estudios sobre comunicación e linguaxes para a inclusión e a equidade educativa" (ECOLE). Preside a Asociación Española de Lectura e Escritura (AELE), ámbito desde o que coordina o programa iberoamericano "Escribir como lectores". É autora de distintos materiais bibliográficos, conferenciante a nivel nacional e internacional e especialista en procesos de formación permanente dos profesionais da educación.



PIU MARTÍNEZ

Técnico diplomado en Biblioteconomía e Documentación (Universidade da Coruña), Máster en Edición (IDEC-Universidade Pompeu Fabra).

Traballou como bibliotecaria do Arquivo Xeral de Indias, documentalista do Instituto Andaluz do Deporte e catalogadora de fondo antigo para Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico (CCPB). Tamén traballou como libreira e desde hai 12 anos a súa área de traballo céntrase no mundo editorial: editora de mesa en Sd edicions, responsable de comunicación e prensa de Libros del Zorro rojo, e xestora de RR. SS. para a Asociación Álbum Barcelona.

Formadora en mediación lectora e divulgación do álbum ilustrado, colaborou como asesora/formadora do Plan LyB da Junta de Andalucía e máis recentemente para entidades como o Colexio Oficial de Bibliotecarios de Catalunya e outras institucións culturais como o Departamento de Didáctica do IVC-Museu de Belles Arts de Castelló, a Xarxa de Biblioteques Municipals da provincia de Barcelona ou o Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona (Ciclo de actividades CCCB & Laie).

Os últimos anos centrou o seu labor no mundo editorial como editora freelance e scout. Entre os seus últimos proxectos de edición están *Gallinas y otros cuentos* de Rafael Barrett, ilustrado por Clara-Iris Ramos; *Anarquía explicada a los niños* de José Antonio Emmanuel, il. por Fábrica de Estampas; *Cartilla Escolar Antifascista, M.I.P., 1937*; *Gato en el camino* de Nicanor Parra, ilustrado por Joan Casaramona. Como scout, colabora coa Editorial sevillana Barrett na creación do catálogo infantil.

En 2022 foi membro do xurado da XV edición do Premio Internacional para Álbums Ilustrados de Compostela do Concello de Santiago e Kalandraka editorial, e da VI edición do Premio.

LAURA BENÍTEZ

Profesora Contratada Doutora na Facultade de Educación da Universidade Complutense de Madrid (UCM), é Doutora en Educación e Licenciada en Psicopedagogía pola devandita Universidade. A súa traxectoria investigadora e de produción científico-técnica relaciónase co ensino e a aprendizaxe da lingua escrita desde unha perspectiva de inclusión educativa e innovación curricular, así como na xestión de programas do mesmo campo. É autora de materiais científicos e docentes, colaboradora en distintos programas educativos e especialista en procesos de formación permanente dos profesionais da educación. Participa na coordinación e desenvolvemento de programas educativos de cooperación dirixidos á poboación infantil vulnerable debido a situacións de

risco social en ámbito iberoamericano.



GONZALO MOURE

Escrebe desde hai 33 anos, despois de traballar como xornalista, especialmente en radio, outros 16. Autor de máis de corenta libros en solitario e preto de dez compartidos ou colectivos, así como dunha película dirixida no Sahara Occidental, titulada *Leyuad (Un viaje al pozo de los versos)* codirigida con Inés G. Aparicio y Brahim Chagaf. Premio Cervantes Chico por toda a súa obra en 2017, recibiu tamén os premios Barco de Vapor, Gran Angular, Ala Delta, o Jaén de Alfaguara en dúas ocasións e o Primavera de Anaya, así como varias listas da honra do IBBY e White Ravens da feira de Boloña.

Fundador con outros da Asociación Escritores polo Sahara

Bubisher, séntese máis orgulloso diso que de ningún dos seus libros

ou premios. Entre os libros máis destacados cabe sinalar: *Lili, Libertad, Palabras de Caramelo, El síndrome de Mozart, Maíto Panduro, En un bosque de hoja caduca, A la mierda la bicicleta, El arenque rojo.*

